

VII liga prebenxamín de fútbol sala de Boiro

O Abanqueiro BRINCOS foi o gañador desta edición, logo de gañar os 11 partidos disputados. O subcampeonato foi para o Cabo de Cruz e o podium completouno o S.D. Xuventú Aguiño "A", ocupando o terceiro lugar.

Como podedes comprobar no cadro adxunto, foi unha liga moi igualada, se ben houbo unha lixeira superioridade do Abanqueiro Brincos, sobre todo en goles anotados, a diferenza de puntos co Cabo de Cruz non foi grande e, en xeral, o resto de equipos, estiveron loitando ata a última xornada para decidir practicamente os postos finais da liga.

Marcáronse un total de 596 goles, destacando así a puntería dos novos artilleiros do fútbol local e do resto de equipos participantes.

Agora, os equipos quedan emprazados para o sábado 29 de maio, data na que se celebrará a "Festa do Deporte Boirense"; aquí, xogarase un partido de exhibición entre o campión de liga (Abanqueiro BRINCOS) e un combinado do resto de equipos participantes. Ao remate, preoederase á entrega de trofeos a tódolos equipos e agasallos a tódolos rapaces dos equipos participantes.

Dende o Departamento de Deportes queremos agradecer aos responsables dos equipos que xogaron en Boiro á súa actitude e comportamento cara a o xogo limpo, a educación deportiva dos cativos e, sobre todo, á promoción do deporte que fan dende os respectivos clubs.

Tamén, agradecer aos medios de comunicación o tratamento e divulgación que esta actividade tivo ao longo dos catro meses que durou o campionato (dende o 14 de novembro de 2009).

Geno Rodríguez. Técnico de deportes.



12ª XORNADA. 20-febreiro-2010

Liga Prebenxamín Fútbol Sala - Concello Boiro - 7ª Edición

Resultados 12ª xornada. Sábado, 20 - febreiro - 2010. FINAL DE LIGA

Abanqueiro Os Fornos-Bicos	1 - 5	Cabo de Cruz
Abanqueiro AELCA	2 - 3	Xuño
Abanqueiro BRINCOS	10 - 4	S.D.Xuventú Aguiño "A"
C.D. Boiro	14 - 1	S.D.Xuventú Aguiño "B"
Crocha	1 - 0	C.D. Unión
E.D.M. Barraña	0 - 11	Escola Fútbol Sálvora

Goles xornada: **52** Total goles: **596**

CLASIFICACIÓN

Posto	Equipo	Xog	Gan	Emp	Per	G.F.	G.C.	Ptos
1º	Abanqueiro BRINCOS	11	11	0	0	104	14	33
2º	Cabo de Cruz	11	9	0	2	55	18	27
3º	S.D. Xuventú Aguiño "A"	11	7	2	2	70	36	23
4º	Abanqueiro OS FORNOS-BICOS	11	7	1	3	69	31	22
5º	C.D. Boiro	11	7	0	4	67	39	21
6º	Escola Fútbol Sálvora	11	5	0	6	57	35	15
7º	Abanqueiro AELCA	11	4	2	5	38	34	14
8º	C.D. Unión	11	4	2	5	34	37	14
9º	Crocha	11	4	0	7	37	49	12
10º	Xuño	11	3	1	7	42	64	10
11º	E.D.M. Barraña	11	1	0	10	12	120	3
12º	S.D. Xuventú Aguiño "B"	11	0	0	11	11	119	0

- LIGA FINALIZADA -

Finalizada a 7ª edición da Liga Prebenxamín de Fútbol Sala que organiza o Departamento de Deportes do Concello de Boiro, os equipos quedan emprazados para o sábado 29 de maio, data na que se celebrará a "Festa do Deporte Boirense"; aquí, xogárase un partido de exhibición entre o campión de liga (Abanqueiro BRINCOS) e un combinado do resto de equipos participantes. Ao remate, procederase á entrega de trofeos a tódolos equipos e agasallos a tódolos rapaces dos equipos participantes.

Remitiremos información aos clubs a mediados do mes de maio para retomar esta actividade.

Grazas a todos por participar.